

O Goberno local leva a cabo un importante Plan de restauración de vías públicas espalladas por todo o concello

Páxina 5



Concello de  Oleiros

A xestión enerxética eficaz supón un importante aforro

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 46
Decembro 2014
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista aérea da nova zona verde que se sitúa entre a N-VI e o Alto do Vilar, na parroquia de Nós



Oleiros financia proxectos en Filipinas e Palestina

Páxina 14

Chega o ciclo musical «Voces cálidas para noites de inverno»

Páxina 21

Oleiros adquire 33.000 metros cadrados destinados a zona verde na zona sur do municipio

■ O Concello logra a través dun convenio urbanístico 33.000 metros cadrados destinados a parque público entre a N-VI e o Alto do Vilar. A nova zona verde linda en toda a súa lonxitude coa rúa do Traballo. Esta finca, que está recollida no PXOM como zona protexida, dispón dunha grande extensión poboada con árbores frondosas con máis de 50 anos. O terreo conta cunha fabulosa riqueza medioambiental e cun muíño de importante valor cultural.

Páxina 9

Arranca un novo curso da Escola Municipal de Surf

Páxina 19

Aprobado o orzamento que rexerá a vida municipal ao longo de 2015

Este orzamento increméntase nun 2,16% en relación ao de 2014. As novas obras e a contratación de novos servizos suman un investimento total previsto de 3.738.580 euros. Ademais, o documento contempla un importante aforro en gasto enerxético debido ás medidas postas en marcha ao longo dos últimos anos polo Goberno local. Este diñeiro será destinado a incrementar as partidas para novas tecnoloxías da información e os Servizos Sociais.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

O noso modelo de benestar fainos singulares

O mapa de corrupción xeral está podrecendo os miolos da clase dirixente. As repercusións que isto ten sobre a calidade de vida das clases sociais maioritarias son moi graves. Diante diso, o Goberno do Estado, segue a reaccionar con mutismo, con ausencia total de alternativas e sen fomentar os investimentos en sectores de produción estratéxicos ou innovadores. O mantemento de recortes inhumanos en materia de prestacións sociais, está a poñer aos pés dos cabalos as Administracións locais, que son as que viven máis de preto as situacións dramáticas dos cidadáns de a pé, que asisten perplexos a discursos triunfalistas feitos desde orzamentos macroeconómicos e desde a óptica da grande empresa que, aumenta os seus beneficios, a costa de rebaixar os custos sala-

riaes ata límites asiáticos: medra de xeito exponencial a substitución do traballo en condicións dignas polos contratos con vencemento semanal ou mesmo diario e sen observar axeitadamente o investimento en prevención de riscos...

Diante de todo este panorama, o goberno do Concello de Oleiros, vén reaccionando con indignación, pero tamén dando un paso adiante na toma de decisións, desde moito tempo antes de que o fixesen as mobilizacións populares que, afortunadamente, están a poñer en xaque a prepotencia do goberno do Estado e están a atopar hoxe unha canle de expresión política dentro do xogo democrático.

Pero nós, desde os presupostos ideolóxicos da Alternativa dos Veciños, xa levamos décadas desafiando as propostas regresivas da

bicefalia. Son anos dabondo dando pasos de evidente e trabaloso progreso, de avance en materia de benestar e de conquista de dereitos, como para aceptar, como dóciles ovellas, que se rebaixe a calidade e cantidade das prestacións a todos os veciños, de servizos sanitarios, educativos, culturais, de coidado da rede viaria ou en temas como a accesibilidade ás bolsas, á formación laboral ou ás vivendas sociais. O inxusto tratamento fiscal dado ás Administracións locais non foi quen de desanimar os nosos esforzos, as nosas medidas tentando remontar dificultades ata acadar un nivel de prestacións digno. O que nunca conseguirán é que dobremos o pescozo para que outros decidan por nós o modelo de convivencia, de asentamentos e de uso dos recursos que desexamos para o noso

territorio municipal.

O deber de todos os oleirenses é o de exercer a crítica respecto das actuacións de todas as administracións. Pero o certo é que a proximidade co goberno municipal fai que cobre maior protagonismo o control leal e construtivo en relación co noso xeito de facer as cousas. Nese diálogo, entre veciños e Concello, vén cimentándose a fortaleza do noso modelo. Dese achegamento de ideas, reclamacións, manifestacións e demandas ten que ir alimentándose sempre o programa cuadrienal que fundamenta as nosas actuacións, encamiñadas a cumprir con fidelidade o modelo de benestar que nos ten de facer singulares, diferentes e, xa que logo, máis realizados como cidadáns e veciños orgullosos de formar parte da gran familia oleirense.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Carta aberta aos veciños de Oleiros

Son Tristana Moraleja, veciña de Oleiros, deputada no Congreso e quero ser a vosa alcaldesa. Como calquera veciña de Oleiros quero sentirme orgullosa do meu concello. Aos oleirenses nos gusta poder gozar das nosas praias, dispoñer de bos servizos, comprar nos nosos comercios e no noso mercado, gozar da nosa hostalería e ter oportunidades de traballo en Oleiros...

Hoxe os que vivimos en Oleiros temos menos oportunidades, parques sen mantemento, máis impostos, cada vez menos servizos, problemas para abrir un negocio... O alcalde xa non ten proxecto, porque 28 anos son demasiados. Eu quero outro Oleiros. Oleiros necesita e merece unha nova forma de facer política.

Necesitamos o compromiso

de traballar día a día para manter dun modo eficiente o que conseguimos entre todos e necesitamos o diálogo para levar a bo porto as melloras que haxa que acometer. Pero o máis importante e o que máis necesitamos en Oleiros, é escoitar os veciños.

No Partido Popular escoitamos no pasado, escoitamos e seguiremos escoitando a todos os veciños. Estamos ao

voso carón para coñecer cales son as vosas necesidades, que problemas tedes e por onde pasan as vosas preocupacións. Vós sodes os que ides a marcar o noso plan de actuacións. A nosa política xirará acerca das persoas, acerca de vós. Eu como candidata comprométo-me a que entre todos deseñemos e construíamos o Oleiros do futuro. Hai alternativa a Alternativa.



Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Aló presidente

Como ao máis puro estilo venezolano o alcalde de Oleiros utiliza os medios de comunicación para o seu uso e gozo, para lanzar as súas proclamas, e para demonizar a todos aqueles que non son da súa corda.

Párense a analizar esta publicación que ten entre as súas mans. Todas as páxinas que a compoñen, (excep-

tuando un pequenísimo e ridículo espazo dedicado aos partidos da oposición), non son páxinas que sirvan para informar os veciños, son páxinas de exaltación do réxime. Pero esta publicación non culmina as ansias comunicativas do noso alcalde, por iso a existencia dunha radio municipal, Radio Oleiros, que máis alá dunha programación moi

musical solo serve para as arengas do rexedor, porque nesta emisora non só non falan nunca os membros da oposición, senón que os concelleiros do goberno pouco se asoman ás ondas.

E non queda aquí a cousa. Xa que a conta dos orzamentos do concello se paga a emisoras privadas varios programas onde o noso alcalde

segue lanzando as súas proclamas. Así que cando vostede paga os seus impostos, pense que ese diñeiro non se emprega en obras, porque Oleiros leva tempo sen facer obras; que non se emprega no asfaltado de rúas, porque as fochas proliferan como os plumachos... O seu diñeiro emprégase en propaganda.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Hai alternativas ao novo Maxi?

O goberno municipal segue a traballar para que a veciñanza perda o uso do terreo no que se situaba o hotel Maxi. É curioso, quen presume de estar ao servizo da veciñanza, só actúa en beneficio (exclusivo?) do promotor: modifi-

cando o Plan xeral, aprobando o estudo de detalle..., permitindo así construír un hotel ata 16 metros máis alto.

Merecemos seguir contando co espazo libre da fachada marítima de Santa Cruz, activo principal do

pobo. Pero as alternativas serán cada vez máis custosas, pois o Concello incrementou o seu prezo coas súas actuacións, polas que o promotor non tivo que pagar nada a ninguén (agardamos que así sexa). Quen se beneficia logo? O

pobo non, sen dúbida. Que podemos agardar dun Concello que xa leva, no que vai de lexislatura, máis de 2,3 millóns de euros en indemnizacións por sentenzas firmes debidas a chapuzas urbanísticas do alcalde?

EDITORIAL

● O xogo sucio podrece o sistema

◆ Os grandes equipos políticos do Estado español que forman parte da primeira división, teñen totalmente convulsionada a Liga porque están a cometer todo tipo de faltas, xogo sucio, compra de partidos e, en máis dun caso, tamén de árbitros...

Os seus presidentes teñen claro que hai que gañar a toda costa, como senón se ían manter nos primeiros postos da competición? É imprescindible estar no alto da táboa para acadar importantes contratos, con firmas comerciais, e poder manter o equipo. Así mesmo, o prestixio de ser campión reporta grandes beneficios e influencias para ampliar o terreo de xogo e participar en campos internacionais. Ademais, os beneficios que isto leva poden ser xa ingresados neses países para sacarlles unha maior rendibilidade e permitirlles fichaxes que, polo seu xeito de xogar, engaiolen a grada. Verdadeiros “figuras”: Rato, Acebes, Mata, Blesa, Camps, Puyol... e unha infinidade de xogadores do nivel máis baixo de ambos os dous equipos que, “ere” que “ere”, nos teñen abraiados.

A ambición dos directivos por manter os seus clubs nos primeiros postos levounos a querer controlar equipos máis pequenos, de carácter municipal ou provincial. Co fin de fichar os mellores xogadores da canteira teñen nomeado intermedia-

rios de alto prestixio e con influencias. Ademais crearon unha rede de clubs cuxas fichaxes favorecen o mantemento do primeiro equipo e a fidelidade da súa afección.

Todo ía ben ata que parte dos seus “figuras” empezaron a enganar o fisco e a facer grandes alardes da súa opulencia. A cabra co vicio dá coas patas no traseiro. Debido a iso, algúns árbitros, cansos de tanto desprezo á afección e á bancada, empezaron a pitarlles as faltas, a sacarlles tarxetas, a expulsalos do terreo de xogo... A enorme lista de amoestados está a provocar importantes baixas nos citados clubs o que lles leva a pensar que poden perder a liga e a copa, en beneficio dos novos aparecidos clubs máis modestos ou doutros de categorías inferiores. Aínda que coñecendo o poder e a influencia dos dous grandes equipos, non sería raro que acadaran un acordo co órgano superior dos árbitros para pechar os expedientes ou trocalos en pequenas faltas, alegando que os campos estaban enlameados e que impedían o xogo limpo.

Se así fose, sempre nos quedan os clubs modestos para gozar dun deporte san, competitivo e representativo das localidades nas que desenvolven o seu xogo.

Orgullosos de vivir en OLEIROS



A xestión enerxética da ► iluminación pública supón un aforro anual de 500.000 euros

■ *O Concello consegue nos últimos catro anos unha redución do gasto do 31,25%*

◆ O Concello de Oleiros, a través dunha xestión enerxética intelixente e ben planificada, acadou un aforro anual de 500.000 euros. Isto supón unha redución do gasto total do 31,25% acadada desde que se implantaron as primeiras medidas en 2011. Este logro acadouse a través da revisión dos contratos, da instalación de tecnoloxía punta e da execución de obras. En ningún caso se levou a cabo a eliminación de puntos de iluminación como medida de redución do gasto.

En total leváronse a cabo 14 importantes proxectos de obra executados neste período de tempo, o que supuxo un investimento de 733.220 euros. Desta cantidade o Concello tivo que achegar directamente 180.472 euros de fondos propios e conseguiu captar 552.248 euros de financiamento externo, principalmente da Unión europea. Unha xestión intelixente dos recursos municipais tradúcese en que, cun gasto medio de fondos propios de 50.000 euros anuais, en catro anos acadouse unha baixada da factura enerxética de 500.000 euros. Un logro especialmente meritorio nun momento no que o aumento da factura da luz nos fogares españois foi dun 15%.



O Concello leva a cabo novas obras de seguridade viaria

■ *Un novo investimento de máis de 60.000 euros permitirá actuar noutras 29 rúas espalladas por todo o municipio*


◆ O Goberno local continúa coa posta en marcha do programa de mellora da seguridade viaria en diversos puntos do municipio. Ao longo dos últimos anos o investimento neste programa de 240.000 euros que permitiu reducir considerablemente os accidentes e a gravidade destes. Continuando con esta serie de melloras o Concello investirá 60.000 euros en varias pequenas obras en rúas espalladas por todo o municipio.

Entre as rúas que se mellorarán encóntrase rúa Eduardo Blanco Amor, rúa do Bañil, avenida Rosalía de Castro, rúa Nébeda, rúa do Enxido, rúa do Saber, rúa Saraiba, rúa Daniel Castelao e rúa Isaac Díaz Pardo. Así mesmo actuarase nas rúas Etiopía, rúa Miradoiro, rúa Areal, rúa da Revolta e nas rúas Garridas e Tras do Río. Tamén noutras zonas do municipio como as rúas Juan Posse Agra e Saltoxo, en Oleiros.

Pola súa parte en Nós a seguridade será mellorada na rúa da Paz, rúa Cascaxeira, na urbanización Mesón da Auga, na confluencia das rúas da Veiga e do Lameiro e na rúa Cabaleiros, rúa Olmos e rúa Basilio Álvarez. Pola súa parte na zona norte do municipio actuarase na rúa da Proba, rúa da Rapiña, rúa do Golfiño, rúa Tierno Galván e rúa Seixo Branco.

Melloras de accesibilidade nos pasos de ► peóns en Perillo

◆ O Concello de Oleiros adaptará unha serie de pasos de peóns en Perillo. Esta obra, ademais de optimizar a seguridade viaria, mellora a accesibilidade, xa que en varios lugares persoas con problemas de mobilidade non poden acceder, principalmente usuarios e usuarias de cadeiras eléctricas motorizadas. As actuacións levaranse a cabo na rúa Areal en dous pasos e noutros situados na avenida Rosalía de Castro e rúa Miradoiro.



Oleiros subscribe un acordo coa DGT que permite aos veciños o cambio de enderezo cun simple trámite ▼

◆ O Concello de Oleiros asinou un convenio coa Dirección Xeral de Tráfico que servirá para simplificar os trámites da cidadanía ante este organismo. O acordo articula un protocolo para que os veciños poidan modificar o domicilio propio e dos seus vehículos nas bases de datos da DGT, de forma que se

actualicen inmediatamente. Isto supón que ante, por exemplo unha nova alta no padrón municipal de Oleiros ou un cambio de domicilio dentro do propio concello, non exista unha disparidade entre o domicilio que conste en Tráfico e o padrón e vivenda habitual, co que os recibos do IVTM, ou os avisos para a renovación dun

permiso de condución chegarán ao enderezo correcto, e non ao antigo. Cunha simple solicitude nas dependencias municipais, remitirase a Tráfico esta, e operarán os cambios, sen necesidade de desprazarse os veciños ás dependencias da DGT, aforrándose custos, xa que o trámite é gratuíto.

O Goberno local leva a cabo un plan de restauración de vías públicas



◆ O Concello ten contratadas melloras de asfaltado en diversas rúas e camiños do municipio. Parte destas vías atópanse enmarcadas no plan denominado POS que foi contratado o 3 de xullo e que ata o momento non puido ser executado por problemas burocráticos motivados por medicións nos proxectos, o que está provocando que non se poidan tratar os traballos ata que estean aprobadas definitivamente estas modificacións. As obras incluídas neste plan xa se publicaron no seu momento, parte delas foron trasladadas a outra convocatoria quedando incluídas no POS, por importe de 208.539,95 euros, as 12 rúas que se relatan a continuación:



- 1. Rúa Illa do Portelo
- 2. Rúa Aperta
- 3. Avda. Valle Inclán
- 4. Rúa Bartolomé de las Casas
- 5. Rúa Miranda
- 6. Rúa Tileiros

- 7. Rúa Olmos
- 8. Rúa Basilio Álvarez
- 9. Rúa Escondite
- 10. Rúa da Xustiza
- 11. Rúa Xan Vicente Viqueira
- 12. Rúa Galileo Galilei

Contratación de novas pavimentacións na zona norte e sur do municipio cun investimento de 798.375 euros

◆ O Goberno local contratou novas pavimentacións en vías municipais en diversas zonas do concello cun investimento total de 798.375 euros. Estas obras levaranse a cabo con fondos propios e afectan a 26 vías das nove parroquias. As rúas nas que se actuará son as seguintes:

- | | |
|---|-----------------------------|
| ■ 1. Rúa Agra do Río | ■ 14. Rúa As Patiñas |
| ■ 2. Rúa Río do Seixo | ■ 15. Rúa Loureiro |
| ■ 3. Rúa Dolores Ibarruri | ■ 16. Avda. Jiménez Herrero |
| ■ 4. Rúa do Mar | ■ 17. Rúa Trovadores |
| ■ 5. Rúa As Gobernas | ■ 18. Avda. Morro de Canide |
| ■ 6. Rúa Goxende | ■ 19. Rúa Gaivoteira |
| ■ 7. Rúa Paraíso | ■ 20. Rúa da Nogueira |
| ■ 8. Rúa Saltoxo | ■ 21. Urbanización Montrove |
| ■ 9. Rúa do Ensino | ■ 22. Rúa Fermín Bouza Brey |
| ■ 10. Rúa O Chasco | ■ 23. Rúa da Luz |
| ■ 11. Rúa Piñeiro | ■ 24. Rúa das Grobias |
| ■ 12. Rúa da Igrexa | ■ 25. Rúa Abeneiro |
| ■ 13. Conexión Rúa Manuel Murguía-Rúa Anido | ■ 26. Rúa da Vila |

Ademais, investiranse 110.000 euros en mellorar as rúas:

- 27. Rúa Lavandeira
- 28. Rúa Cebolas

Oleiros conserva numerosos camiños a través da Brigada de asfaltados de Servizos Municipais



◆ O Concello de Oleiros está mellorando un importante número de camiños deteriorados grazas ao traballo levado a cabo pola brigada de asfaltados de Servizos Municipais. Este grupo de traballo especializado conta coa estrutura e maquinaria necesaria para realizar as tarefas precisas de asfaltado, o que permite unha rápida actuación e un abaratamento do custo de execución dos traballos. Nestes momentos, e cando as condicións climáticas o permitan, o Concello seguirá asfaltando:

- | | |
|-----------------------------|----------------------|
| ■ 1. Rúa Cangadas de abaixo | ■ 9. Rúa da Fonte |
| ■ 2. Rúa Fornos | ■ 10. Rúa da Sonrisa |
| ■ 3. Rúa Camiño das Fabas | ■ 11. Rúa Mapoulas |
| ■ 4. Rúa da Croa | ■ 12. Rúa Vacarizas |
| ■ 5. Rúa do Couto | ■ 13. Rúa Marte |
| ■ 6. Rúa Esqueiro | ■ 14. Rúa Lúa |
| ■ 7. Rúa Monte do Casal | ■ 15. Rúa Señorín |
| ■ 8. Rúa da Cova | ■ 16. Rúa da Aldea |

Ademais... ▶

De forma paralela ao traballo levado a cabo polos compoñentes da brigada de asfaltados, estase limpando de maleza por parte dunha empresa externa máis de 130 camiños en todo o municipio.

Oleiros informará os propietarios sobre as futuras urbanizacións das Viñas e Xaz a través de asembleas

◆ Unha vez aprobados definitivamente os plans parciais e proxectos de urbanización das futuras urbanizacións coñecidas como campo de golf, en Dorneda e As Viñas en Perillo, estase levando a cabo nestes momentos a contratación das obras necesarias para dotar de infraestruturas e servizos as citadas áreas. Os custos das ditas obras sufrárganse por parte dos propietarios dos terreos incluídos nestes ámbitos, como beneficiarios que son da transformación do solo de rústico en urbano.

En ambos casos existen propietarios que pola situación de crise económica que está vivindo o país ten problemas para afrontar os gastos que lles corresponde, polo que, segundo está previsto na lei, terían que ser expropiados. O Concello, oposto a calquera tipo de expropiacións, abriu unha nova fórmula de pago sen que os propietarios afectados teñan que afrontar o pago en metálico puidendo así cumprir coa xunta de compen-

sación achegando parte das unidades construtivas que lles corresponderían no ámbito. É dicir, poderán pagar en metros construíbles que se valorarán a prezo de mercado e conservar as restantes unidades construtivas nas parcelas que lles correspondan.

Así mesmo, para facer máis viable o desenvolvemento destas urbanizacións o Concello reduciu a porcentaxe de vivenda de protección que hipotecaba a posible venda debido ás cargas que na actualidade supón este tipo de vivendas ao eliminar as axudas e subvencións por parte do Goberno autonómico e o Estado para este tipo de vivenda e, porén, manter as limitacións en canto á venda e ao aluguer. Hoxe en día dáse o paradoxo de que se atopan á venda vivendas libres con prezos máis baixos que vivendas protexidas. O Goberno local informará os propietarios a través de asembleas.

O Concello saca a contratación a mellora dos parques

■ *A empresa adjudicataria encargarse do mantemento do mobiliario durante un ano*


◆ Saíu a contratación por un importe de 246.719 euros a mellora de diversos parques infantís así como a dotación de novos xogos en gran parte destes adecuando as instalacións á normativa europea de espazos infantís. A empresa que resulte adjudicataria destes traballos deberá encargarse por prazo dun ano do mantemento do mobiliario. Deste modo aténdese a demanda de diversos veciños e veciñas que a través de chamadas e correos electrónicos se dirixían ao Goberno local reclamando estas melloras.

Novo parque infantil na urbanización Cubelos ▶

◆ O Goberno local constrúe un novo parque infantil na urbanización Cubelos, no alto de Perillo. O novo parque de Cubelos cubrirá a demanda deste tipo de equipamentos existente na zona, debido en gran medida ao asentamento nos últimos anos dun elevado número de familias novas.



O Concello modifica un acceso cara á praia de Naval para poder executar a obra do muro de contención do porto de Santa Cruz



◆ Para a realización da obra do muro de contención no porto de Santa Cruz, o Concello ten que proceder ao cambio e á apertura dun novo acceso cara á praia de Naval, posto que ao proceder a modificar o noiro para levantar a nova parede o antigo acceso viuse afectado. A construción deste muro no porto de Santa Cruz permite evitar os correntamentos de terra que se producían nos terreos anexos á zona do peirao e que creaban un problema para a seguridade dos usuarios e usuarias desta zona.

Oleiros cede unha nave destinada a actividade agrícola ecolóxica ▼

◆ O Concello pon a disposición da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos unha das naves do viveiro municipal de empresas de Iñás que será destinada á transformación agroalimentaria. O obxectivo desta iniciativa é asegurar un modelo de desenvolvemento sostible na comarca Mariñas-Betanzos. Con esta cesión gratuíta realizada polo Concello de Oleiros vaise reforzar esta liña de traballo ao mesmo tempo que se quere conxugar un desenvolvemento socioeconómico sostible, a conservación dos recursos naturais e a diversidade ecolóxica, así como a investigación dos valores ambientais máis sobresaíntes do noso territorio. Esta iniciativa fomenta a incorporación de novas actividades agrarias no marco da agricultura ecolóxica e a recuperación da nosa cultura tradicional.



Adxudicada unha nova nave no viveiro municipal de empresas de Iñás ▼

◆ Xa son un total de 7 naves adxudicadas no viveiro municipal de empresas de Iñás. A última empresa en instaurarse neste complexo foi Aeromedia, unha sociedade que leva a cabo traballos fotográficos aéreos e de vídeo con drones. Os negocios que se instalan neste complexo reciben bonificacións no aluguer en función de diversos conceptos como a xeración de novos empregos.



O Concello vende unha parcela en Perillo por 180.989 euros

◆ O Concello realizou a venda dunha nova parcela froito do terreo que obtén polas cesións obrigatorias do 10% nas urbanizacións de nova creación. A parcela vendida está situada en Perillo, tras o colexio Valle Inclán. Pola venda deste solar o Concello obtivo a cantidade de 180.989 euros co IVE incluído.

O Concello traballa nunha nova guía de empresas para dinamizar o comercio local ▼

◆ O Concello está preparando a edición dunha nova guía de empresas como medida de dinamización do comercio local. Esta completa publicación, que será gratuíta, vaise repartir entre os veciños e veciñas do municipio. Calquera empresa, negocio ou profesional que desexe aparecer nela pode poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo dos Regos para dar os seus datos. Deste xeito, poderá ofertar os seus servizos dunha forma directa e eficaz.

COMPRA en



■ Na situación na que estamos a vivir é importantísimo potenciar o consumo nos comercios do noso municipio. Deste xeito, lograremos manter servizos de proximidade, estaremos evitando o peche de negocios e con iso, evitaremos a destrución do emprego a nivel local.

OLEIROS



O Goberno local contrata unha empresa para levar a cabo a eliminación dos plumachos ▼



◆ Ante o total abandono e a falta de cumprimento das ordenanzas municipais respecto á maleza e proliferación da planta Herba da Pampa, que está invadindo desde hai anos grandes espazos do municipio, o Goberno municipal acaba de contratar unha empresa para levar a cabo a eliminación desta planta. A erradicación dos plumachos execútase en dúas fases. Na primeira realízase unha fumigación cun herbicida especial e na segunda, unha vez que o herbicida secou a planta, procédese á eliminación desta por medios mecánicos.



Os propietarios de terreos afectados pola presenza de plumachos serán notificados para que procedan á súa eliminación. No caso de non levar a cabo a roza, actuarase de oficio por parte do Concello a través da citada empresa especializada pasándolle ao propietario os custos dos traballos executados.

Posible denuncia contra a Xunta e o Estado ▼

◆ Respecto ás propiedades da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento nas marxes das vías da súa titularidade, o Concello está valorando iniciar actuacións xudiciais en contra de ambos organismos por un posible delito contra o medio ambiente. Estas administracións son responsables de introducir esta especie no ecosistema local a través da súa implantación como planta ornamental na mediana da autoestrada AP-9, entre A Coruña e Santiago.

Ademais do Concello de Oleiros, varias asociacións ecoloxistas criticaron, a colocación de plumachos como barreira na autoestrada e, do mesmo modo, atribuíron a esta iniciativa a orixe da reprodución de exemplares pola comarca da Coruña. O Goberno local mantén unha loita constante contra esta praga medioambiental desde hai máis de 3 anos. Nos últimos meses abriu un expediente sancionador a máis de 140 propietarios por non limpar as súas fincas inundadas por esta agresiva herba da pampa.



Se tes cans, recorda que recoller os excrementos é unha obriga

Por un Oleiros limpo!

A finca Tenreiro será mellorada ao longo de 2015



◆ En relación ás noticias aparecidas nalgún medio de comunicación sobre a finca Tenreiro nas que se aseguraba que estaba pechada e que se imposibilitaba o paso a esta, o Goberno local informa que a festa que se celebrou o pasado 13 de setembro foi para conmemorar a toma de posesión por parte dos veciños e veciñas desta finca onde xa se estaba a construír o novo colexio público de Nós. A apertura do parque realizarase de xeito definitivo unha vez que o Concello invista o diñeiro necesario para a recuperación dos xardíns, fontes e estanques. Estas tarefas levaranse a cabo cos orzamentos de 2015. Unha vez rematados estes labores e reducido o risco de accidentes a zona verde será aberta a toda a comunidade.



Outra nova propiedade de 33.000 metros cadrados en Nós para parque ▼

◆ O Concello de Oleiros adquiriu por convenio urbanístico 33.000 metros cadrados destinados a parque público entre a N-VI e o Alto do Vilar. Esta finca, que está recollida no PXOM como zona protexida, dispón dunha grande extensión poboada con árbores frondosas con máis de 50 anos.

A nova zona verde linda en toda a súa lonxitude coa rúa do Traballo. Esta finca está atravesada polo regato que procede de Iñás e desemboca na ría do Burgo. Ademais da fabulosa riqueza medioambiental, o terreo conta con interesantes riquezas de valor cultural como un vello muíño que será recuperado polo Goberno local. Esta cesión forma parte do convenio urbanístico da finca das Cadeas e terreos limítrofes. Deste modo, o Concello de Oleiros incrementa o número de metros cadrados de zonas verdes que neste momento supera o millón.



As praias de Bastiagueiro e Santa Cristina teñen servizo de duchas durante o inverno ▼



◆ Unha vez rematada a tempada de praias o Goberno local decidiu manter unha ducha na praia de Bastiagueiro e outra no areal de Santa Cristina, nas inmediacións do Club de Regatas. Esta iniciativa lévase a cabo a petición de varios usuarios e usuarias que durante todo o ano utilizan as citadas praias para levar a cabo actividades deportivas. O Goberno local espera que se faga un uso racional da auga e que os mesmos usuarios velen por que se eviten actos vandálicos que en ocasións afectan a estes servizos.

Protestas veciñais en Breixo pola falta de seguridade viaria ▼



◆ Os veciños e veciñas de Breixo, na localidade de Dorneda, están protestando pola ineptitude da Xunta á hora de dotar de beirarrúas e beiravías o tramo da estrada AC-173 entre Sisaldo e o Alto de Canide. Esta zona de Breixo é unha das máis perigosas do tramo entre Santa Cruz e Mera para os peóns, posto que a ausencia de beiravías obriga os viandantes a camiñar pola calzada para desprazarse dun número a outro deste núcleo.

Para poder levar a cabo unha necesaria mellora da seguridade viaria nesta estrada, o Concello puxo a disposición do organismo autonómico a totalidade de terreos necesarios desde Santa Cruz ata Mera. Ademais o Goberno local, ao longo dos últimos anos, foi tratando tramos desde as Viñas de Babilonia ata as inmediacións do cemiterio de Dorneda, a

baixada a Canide con cargo a esta urbanización, no castro de Arillo así como en diversos pequenos tramos onde os veciños construíron as súas vivendas.

A desculpa da Xunta de Galicia para non tratar esta obra, a pesar de contar co proxecto para os traballos, é que carece de fondos para poder levala a cabo. En días pasados, o Goberno local reuniu a técnicos da Xunta e a Deputación provincial para desenvolver esta obra por tramos, posto que existe un compromiso do ente provincial para construír un carril bici ao longo do citado tramo da AC-173 que une as localidades de Santa Cruz e Mera. Nestes momentos estase tratando de definir sobre planos o trazado do carril bici para así poder comezar en breve a súa construción.

O Goberno local estudará denunciar a Xunta por non pagar aos expropiados da vía Ártabra ▼

◆ Pasaron máis de sete anos desde o comezo da vía Ártabra e a ocupación das fincas dos veciños e a maioría dos afectados pola realización desta obra seguen esperando a que se lles pague polos seus terreos. Para encubrir a súa desidia por este asunto, a Xunta alega como causa para non pagar que se atopa á espera de fallos xudiciais. Os que recorreron aos tribunais para defender un prezo xusto foi unha minoría de afectados e non existe ningunha causa que impida aboar aos veciños que foron expropiados e non recorreron.

Desde o Goberno autonómico están cometendo unha infamia e un suposto delito posto que a lei deixa claro que cando se ocupa unha finca hai que pagala con anterioridade, excepto naqueles casos xa mencionados de propietarios que presentan recursos ante a xustiza. Estas son as formas de escoitar e atender os asuntos e demandas dos veciños e veciñas por parte da Xunta. Se continúa esta actitude o Goberno municipal estudará presentar unha denuncia por posible prevaricación por abuso de poder contra os responsables do organismo autonómico.



Oleiros destapou en 2010 a trama de fraude nos cursos de formación coñecida como «Operación Zeta» ▼

SECRETARÍA DE ESTADO DE EMPLEO

S.G. DE LA UNIDAD ADMINISTRADORA DEL FONDO SOCIAL EUROPEO

UNIDAD ADMINISTRADORA DEL FONDO SOCIAL EUROPEO

14 MAR. 2011

SALIDA n.º 313

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

REGISTRO ENTRADA

Nº de rexistro: 2011003965

Data: 17/03/2011 12:09:58

CONCELLO DE OLEIROS

OFICIO

S/REF:

N/REF: DGC

FECHA: 14 de marzo de 2011

ASUNTO: Denuncia presuntas irregularidades reparto fondos

DESTINATARIO: D. Ángel García Seoane
Sr. Alcalde de Oleiros
Praza de Galicia, nº 1
15173 Oleiros A Coruña

Adjunto se remite informe de la Dirección General de Formación y Colocación de la Consejería de Trabajo y Bienestar de la Xunta de Galicia, en relación a las denuncias remitidas por su Ayuntamiento relativas a posibles malas prácticas en el reparto de subvenciones.

A tenor de dicho informe, en el que se ponen de manifiesto las conclusiones de la auditoría llevada a cabo por PWC Auditores en relación a los sistemas de gestión y control, y en base, igualmente, a que la Fiscalía ha archivado las diligencias, esta Unidad Administradora entiende que no se han producido malas prácticas ni fraude alguno en el reparto de las subvenciones.

◆ O Concello de Oleiros xa denunciou en 2010 o reparto ilegal e inmoral que se levou a cabo cos fondos da Unión Europea destinados a combater o desemprego a través dos cursos de formación e que nos pasados meses desencadeou a coñecida como Operación Zeta, unha trama que segundo as investigacións defraudou máis de 20 millóns de euros. O Goberno oleirense manifestou entón ante a opinión pública que os fondos utilizados por Azet Janet e varias asociacións de empresarios de hostalería non cumprían o seu fin, senón que se destinaban a outros cometidos ilexítimos. O Concello denunciou estas prácticas ante o Ministerio de Traballo e Inmigración, os responsables do Fondo Social europeo, a Consellería de Benestar da Xunta de Galicia e ante a Fiscalía. As ditas denuncias foron arquivadas, como se pode ver na carta remitida polo Ministerio que se achega na que se sinala que tras unha auditoría externa non observou ningunha irregularidade:

EL SUBDIRECTOR GENERAL

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

Unidad Administradora del Fondo Social Europeo

Carlos Tortuero Martín

El Subdirector General

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

La Secretaria de Estado de Empleo

Madrid, 18 de julio de 2011

D. Ángel García Seoane
Alcalde Concello de Oleiros
Praza de Galicia, 1
15173 A Coruña

Estimado amigo:

Lamento profundamente su malestar a la vista del informe que la Unidad Administradora del Fondo Social Europeo (UAFSE), dependiente de la Secretaría de Estado de Empleo del Ministerio de Trabajo e Inmigración, ha realizado a las denuncias, que por posibles irregularidades en el reparto de las ayudas a los programas de empleo y formación de la Consellería de Trabajo e Bienestar de la Xunta de Galicia durante los años 2009 y 2010, ha presentado Ud. Como Alcalde del Ayuntamiento de Oliveiros.

No le revelo nada nuevo al informarle de que son las Comunidades Autónomas las responsables de la gestión de las ayudas y subvenciones cofinanciadas por el Fondo Social Europeo, realizándose su control por la Intervención General de las Comunidades Autónomas, en este caso de la Xunta de Galicia.

Sin embargo, si el Ayuntamiento de Oliveiros no está conforme con el importe otorgado y/o con el sistema de valoración de la propia convocatoria debería recurrir bien la Orden de la convocatoria, bien la Resolución de concesión de la misma o bien ambas, primero en vía administrativa y luego en vía judicial, aportando todas aquellas pruebas que considere necesarias para el logro de sus fines.

Desde la Secretaría de Estado de Empleo, que carece de competencias para la gestión de los fondos en las Comunidades Autónomas, es imposible contravenir un informe realizado por una de ellas, salvo prueba en contrario, como bien sería una decisión judicial, bien de la intervención General de la Xunta de Galicia que podría determinar el error de fondo en la actuación realizada.

Reciba un cordial saludo

Fdo. Mª Luz Rodríguez Fernández

REGISTRO ENTRADA

Nº de rexistro: 2011011498

Data: 20/07/2011 13:09:45

Hoxe podemos comprobar que, a pesar do caso omiso feito nese momento polos diversos organismos e das falsas ameazas de denuncias contra o Concello efectuadas por parte de Gerardo Crespo, o suposto líder da trama, as malas prácticas denunciadas por Oleiros eran unha realidade e o diñeiro destinado a acabar co paro foi utilizado para outro tipo de fins.

Aprobado o orzamento que rexerá a vida municipal en 2015

◆ No pleno extraordinario celebrado o pasado 16 de decembro aprobouse o Orzamento xeral para 2015. O documento foi aprobado con voto favorable do grupo de Goberno. Este orzamento increméntase nun 2,16% en relación ao do pasado exercicio e de acordo coa normativa estatal pola que fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o período 2015-2017.

Os ingresos

■ *As principais modificacións que se producen no estado de ingresos, en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:*

TOTAL INGRESOS	EUROS
CAP. 1 IMPOSTOS DIRECTOS	9.718.000,00
CAP. 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	550.000,00
CAP. 3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	4.592.875,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CTES.	8.754.055,00
CAP. 5 INGRESOS PATRIMON.	229.100,00
CAP. 6 VENDA DE BENS	600,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.732.740,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCEIROS	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO	25.617.370,00

◆ Constitúen a facenda do Concello os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado, que financian parte do capítulo de investimentos, os tributos propios, que se clasifican en taxas e impostos, as participacións en tributos do Estado, subvencións, prezos públicos, multas e sancións derivadas de actos de competencia propia, operacións de crédito e demais prestacións de dereito público.

Para os ingresos por impostos directos sobre o capital (IBI, IVTM, IVTNU) estimábase unha redución sobre os do exercicio 2014 dun 1,52%, debido á


minoración de previsións de ingresos polo imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana e actividades económicas, axustándose dese xeito á súa execución orzamentaria.

Os derivados de licenzas urbanísticas, que corresponden aos impostos indirectos pola construción instalación e execución de obras, permanecen estables a pesar de percibirse unha lixeira recuperación da actividade urbanística. Mantense a previsión de ingresos polo IBI, ao conxelarse o tipo establecido polo Goberno de España, artigo 8 do RDL 20/2011 do 30 de decembro, e as actuacións catastrais de incorporación de construcións e solo urbano.

De conformidade co Pleno do 25 de setembro de 2014, as taxas e prezos públicos non sufriron modificacións no seus tipos, creándose unha nova taxa para os caixeiros e máquinas expendedoras na vía pública e o acordo de implantación de contribucións especiais para a ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios.

O incremento xeral foi do 5,35% pola recadación en servizos básicos, taxas de estacionamento e outros aproveitamentos que conxuntamente coa imposición das contribucións especiais compensaron e remontaron os axustes á baixa noutros ingresos. As transferencias correntes presentan unha mellora do 5,62% debido principalmente á participación nos tributos doutras administracións con respecto a exercicios anteriores. Os recursos destinados á Administración local e participación nos tributos do Estado para 2015 prevense incrementar para a activación da economía.

Os principais ingresos correntes seguen a depender dos impostos directos que supoñen o 38% do total dos ingresos, séguelle a participación nos tributos do Estado co 25%, as taxas e prezos públicos co 18%. A porcentaxe que cada un dos capítulos de ingresos ten sobre o total é a que se sinala no seguinte cadro:



O financiamento de parte dos investimentos incluídos no estado de gastos, procede das transferencias de capital que se prevé sexan realizadas por outras administracións. Deste xeito, Recóllese nos capítulos VI e VII os seguintes recursos:

CAPÍTULO VI

REINTEGROS EXERCICIOS PECHADOS..... **600 euros**

CAPÍTULO VII

TRANSFERENC.DO ESTADO E CC.AA.....	82.060 euros
TRANSFERENC.EMP.PRIVADAS. COTAS URB.....	913.680 euros
TRANSF.EE.LL.....	557.000 euros
TRANSF. FONDOS EUROPEOS.....	180.000 euros

Consígnanse ingresos por transferencias de Fondos Europeos, dado que dentro do programa AGADER a liña de fondos segue vixente para 2015, tendo o Concello acceso a esta e un compromiso de financiamento do 90% en directrices de mellora enerxética.

Igual que en exercicios anteriores, mantense unha previsión no capítulo VIII, por importe de 40.000 euros para os reintegros de anticipos de pagas ao persoal, de conformidade coas bases de execución do orzamento,

e que teñen a súa contrapartida no orzamentos de gastos, capítulo VIII de activos financeiros.

Con estes orzamentos estimábase unha recuperación dos ingresos correntes en 548.085 euros, que unido á racionalización dos gastos e o esforzo pola súa contención, increméntase o aforro bruto en 33.565 euros, e posibilitar un aforro neto, pola redución das cargas financeiras, de 1.777.960 euros que se destinan ao capítulo de investimentos.

Os gastos

■ *As principais modificacións agrupadas por capítulos, que se producen no estado de gastos, en relación co orzamento do exercicio anterior, son as seguintes:*

◆ En relación ao orzamento de 2014, prodúcese un incremento no gasto no apartado de persoal do 4,28%, debido ao recoñecemento da devolución da paga extra de decembro de 2012.

No capítulo II, prodúcense importantes aforros en subministro eléctrico derivados das revisións de potencias contratadas, aplicación das melloras enerxéticas e convenio para o mantemento dos bombeos. O diñeiro aforrado é empregado no mantemento das novas tecnoloxías da información e nos Servizos Sociais.

Os gastos financeiros redúcense en 110.000,00 euros, (33,22%), pola diminución da débeda e mellora da previsión para xuros de mora, mantendo operacións de tesourería máis baixas para o axuste e cumprimento de prazos dos pagos a provedores.

En transferencias correntes, incluídas no capítulo IV do orzamento, o incremento que se presenta con relación a 2014 é importante, un 9,54%, sendo os aumentos destinados ao mantemento do transporte metropolitano e dos gastos en atencións benéficas e bolsas escolares os máis significativos, mantendo as subvencións a entidades culturais e actividades extraescolares que foron incrementadas no exercicio anterior nun 10%.

O capítulo V, de nova creación, recolle o «Fondo de continxencia e outros imprevistos», que no exercicio anterior atopábase incluído na capítulo II. Esta dotación redúcese en 100.000 euros para financiar directamente o capítulo de investimentos, dotándose a través deste os créditos necesarios para novas infraestruturas, o mantemento do extenso patrimonio municipal e garantir o normal funcionamento dos servizos.


Seguindo coa política marcada polo Goberno municipal, favorécense neste orzamento os investimentos que produzan aforro no gasto corrente ou

TOTAL GASTOS	EUROS
CAP. 1 GASTOS DE PERSOAL	9.078.745,00
CAP. 2 BENS CORRENTES	10.589.339,00
CAP. 3 GASTOS FINANCEIROS	221.120,00
CAP. 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	924.586,00
CAP. 5 FONDO DE CONT. E IMP.	500.000,00
CAP. 6 INVEST. REAIS	3.738.580,00
CAP. 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAP. 8 ACTIVOS FINANCEIROS	40.000,00
CAP. 9 PASIVOS FINANCEIROS	525.000,00
TOTAL ORZAMENTO	25.617.370,00

permitan a xeración directa ou indirecta de novos ingresos. Neste capítulo VI, o gasto en relación ao exercicio anterior varía nun 11,31% en termos relativos, sendo en termos absolutos 379.745 euros, pola mellora de ingresos por transferencias de capital doutras administracións, así como a existencia doutros ingresos extraordinarios derivados da xestión de contribucións especiais e cotas a cargo de particulares nas obras de urbanización que se

ten previsto iniciar ou rematar no exercicio. As principais fontes de financiamento son o aforro neto cun 48% sobre o total, as achegas de particulares cun 24%, as transferencias doutras administracións co 22% e contribucións especiais co 6%.

No capítulo de pasivos financeiros, capítulo IX, a rebaixa no gasto prodúcese pola diminución da débeda a amortizar chegando o ratio de débeda viva a situarse no 14%, atopándose o límite desta actualmente no 75%.



Alguns dos investimentos en obras e servizos

Entre as moitas obras e servizos, que suman un investimento total de 3.738.580 euros, trátanse proxectos como o pintado do pavillón de Bastiagueiro, a reforma do *tatami* de Santa Cruz e a dotación dun novo acceso a esta infraestrutura, a instalación de novas cubertas nas portas do pavillón de Canide, o tratamento da madeira de todas as pistas cubertas e a instalación de regos nos campos de fútbol de Montrove e Santa Cruz. Así mesmo, destínanse fondos aos proxectos dos futuros campos de fútbol de Mera e Dorneda e as instalación náuticas municipais.

No relativo á difusión da cultura, mellorábase a iluminación do auditorio da Fábrica, renovarase a cuberta da casa da cultura de Perillo e recuperarase as humidades do centro cívico de Montrove. Ademais reformarase a casa da República e substituirase a carpintería exterior nas Torres. Tamén se dotará a escola de música de novo material instrumental.

Por outra banda, acondicionarase o viveiro municipal de empresas,

recuperarase a finca Tenreiro e acondicionarase o contorno da fonte de Canaval. Así mesmo, renovarase parte do mobiliario público e instalaranse paneis informativos no Monumento Natural da costa Dexo-Serantes. Tamén se reporá arboredo en zonas verdes, xardíns e paseos marítimos, e xogos infantís nos parques. Mercarase dúas furgonetas destinadas a actividade no departamento de servizos, encargado da conservación destes espazos públicos.

Mellorarase a iluminación pública e implantarase novas medidas de aforro enerxético, reporase unha parte importante da rede de abastecemento de auga, e repararse o pavimento en rúas, beirarrúas e prazas. Construiranse un acceso ao colexio de Nós e instalaranse novos paneis luminosos informativos. Ademais, o orzamento prevé un forte investimento nas urbanizacións Corredoira das Viñas e Hábitat, ás dúas en Perillo. Por último e relacionado coa seguridade cidadá, mercarase un novo camión de intervención e novos equipos na sección de salvamento acuático.

O Concello financia proxectos de cooperación en Palestina e Filipinas ▼



◆ O Concello de Oleiros, a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade do que é socio e membro fundador, destina 20.000 euros á recuperación de Palestina tras os últimos bombardeos israelís e outros 10.000 euros á poboación filipina afectada polo tifón de 2013. Esta contía súmase aos outros 10.000 euros xa mobilizados o ano pasado poucos días despois do paso do ciclón Haiyan, cos que se dotou a 1.000 familias damnificadas de tendas e artigos non alimentarios básicos de urxencia.

No caso de Palestina, a Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA) recibe 10.000 euros para apoiar o traballo dos equipos de saúde mental da entidade que atenden a poboación no contexto posbélico. Os outros 10.000 euros canalizaranse a través da Asociación Médica Hispano Palestina, que leva a cabo a entrada e distribución de material médico e farmacéutico na Franxa. Ademais, a Asemblea xeral de socios do Fondo celebrada en Santiago de Compostela decidiu ademais financiar con 152.345 euros seis proxectos de ONGD galegas en países empobrecidos.

O Goberno local colaborará coa iniciativa «Mulleres Colleiteiras»

■ *Oleiros apoiará o traballo das Mulleres Colleiteiras incentivando a súa difusión e instalando diversos puntos de recollida no municipio*

◆ Este ambicioso proxecto nace desde o programa de inclusión social que Arquitectos Sen Fronteiras vén desenvolvendo nos asentamentos chabolistas da área coruñesa. Mulleres Colleiteiras é unha iniciativa de autoemprego que busca fomentar o empoderamento e autoestima das participantes, froito dos seus desexos por unha vida mellor, das súas ganas de emprender e sentirse donas do seu futuro.

Máis de 20 mulleres residentes nos asentamentos das Rañas e da Pasaxe comezaron a traballar xa hai máis dun ano na recollida de aceite usado, de forma voluntaria, co desexo de que servise como ferramenta para mellorar as súas condicións de vida. Este residuo utilízase, tras un proceso posterior, na produción de biocombustible, entre outros.

A día de hoxe, estas mesmas mulleres están a participar no proceso de constitución dunha cooperativa que dará a forma definitiva a este proxecto e permitirá a súa emancipación e acceso a un traballo normalizado.

O Concello de Oleiros desexa apoiar este proxecto promovendo a súa difusión e fomentar a participación cidadá concertando reunións cos veciños e coa comunidade social e educativa, facendo de altofalante nun asunto tan fundamental como a reciclaxe do aceite, o coidado do medio ambiente e a iniciativa e inserción social. Con este obxectivo promoverase a instalación de puntos de recollida nos centros públicos educativos e nas casas do pobo.

Oleiros expoñerá unha serie fotográfica composta por imaxes do proxecto «Entre nós» ►

■ *A iniciativa traballa cun grupo de rapaces de etnia xitana pertencentes aos poboados das Rañas e A Pasaxe*

◆ O Concello de Oleiros leva a cabo unha exposición fotográfica composta por imaxes realizadas por alumnos do proxecto «Entre nós». Esta iniciativa está a levar a cabo un interesante obradoiro de fotografía no que participan doce rapaces de etnia xitana pertencentes aos poboados das Rañas e A Pasaxe. Este proxecto está dirixido polo fotógrafo Gabriel Tizón e promovido pola ONG Arquitectos sen Fronteiras. A exposición constará de corenta e oito fotografías de gran formato realizadas polos alumnos e alumnas do proxecto. As imaxes, que se expoñerán nas rúas e parques de Oleiros, amosarán a realidade da sociedade vista por estes mozos.



239.995 euros en subvencións ás entidades locais

◆ O Goberno local aprobou a concesión de subvencións solicitadas por distintas entidades, asociacións e clubs ao abeiro das normas de concorrencia competitiva en vigor. En total presentáronse 60 solicitudes e o Concello repartiu un total de 239.995,25 euros entre elas, premiando aquelas peticións relacionadas co fomento das actividades prioritariamente de nenos e mozos. As 46 entidades culturais, deportivas e veciñais recibiron un total de 116.534,41 euros. Pola súa parte, o Concello subvencionou con 123.460,84 euros as ANPA e os colexios do municipio, un total de 14 entidades.

O incremento do importe total das subvencións respecto ao anterior exercicio foi dun 10%. Todas as entidades que solicitaron axuda recibírona en relación á xustificación da súa actividade. Existen outras entidades que non a solicitaron e polo tanto non participan neste reparto. Si o fixeron as seguintes:

Entidades culturais	Euros
■ Agrupación Artística e Cultural Semente Nova	1.920,96
■ Agrupación Cultural "A Marola"	1.675,00
■ Agrupación Folclórica Follíñas	1.443,98
■ Asociación Cultural Coral Lembranzas Santa Cruz	851,70
■ Asociación de Amas de Casa	932,00
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana	709,64
■ Aspadisol	2.998,46
■ Centro Cultural e Instructivo	1.082,30
■ Coral Polifónica de Mera	1.235,35
■ S.C.R. Amigos de Lorbé	2.556,48
■ A.C.D.R.V.P. Rosario de Dorneda	5.072,47
■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad	923,77
■ A.C.Club Pensionista de Mera	500,00
■ Coral Airiños de Nós	1.068,58
■ A.C. O Amanexo	541,58

Entidades veciñais	Euros
■ A.VV. A Ría	3.060,00
■ A.VV. O Hórreo	2.106,95
■ A.VV. Os Rueiros	5.018,94
■ A.VV. San Antón	2.688,94
■ A.VV. Santaia	5.123,26
■ A.VV. Rialta-Xoecer	371,24
■ A.VV. San Cosme	2.973,75

Clubs de fútbol	Euros
■ Club Atlético San Pedro*	5.780,00
■ Club de Fútbol Santa Cruz	4.000,00
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros	6.090,00
■ Hércules S.D.C.	1.600,00
■ Marino de Mera C.F.*	6.140,00
■ Unión Campestre F.C.	4.020,00
■ S.C.R.D. de Dorneda*	8.130,00
■ Club Atlético Perillo	4.210,00
■ A.D.Cristo Rey	2.530,00

Aos clubs de fútbol que se sinalan cun asterisco, o Pleno do Concello, na sesión celebrada o 28 de abril de 2014, acordou concederlles as subvencións nominativas que se detallan a continuación, coa finalidade de sufragar gastos de consumos enerxéticos e subministración de auga no ano 2014:

● S.C.D.R.Dorneda, por importe de	3.500,00 euros
● Marino de Mera, C.F., por importe de	2.200,00 euros
● Club Atlético San Pedro, C.F., por importe de	2.200,00 euros

Estas axudas veñen dadas para que todos os equipos existentes no Concello compitan en igualdade de condicións, xa que agás os tres citados, os demais desenvolven a súa actividade en campos de titularidade municipal, co que xa é o propio Concello o que asume os gastos xerados de auga e luz, mentres os citados anteriormente fano en campos da súa propiedade ou en réxime de aluguer ou cesión, polo que teñen que facer fronte directamente aos gastos anteditos.

Cómpre sinalar que ademais das axudas económicas que se outorgan ás entidades para que poidan desenvolver as súas actividades, case a totalidade destas gozan da dispoñibilidade das casas do pobo, centros cívicos, pavillóns polideportivos e ximnasia de xeito gratuíto. Lugares onde poden levar a cabo as actividades sendo en todos os casos o Concello quen asume os custos de subministración de auga, consumos enerxéticos, limpeza de locais, etc.

Comisións de festas	Euros
■ A.C.D.R.V. O Carme de Mera	570,34
■ A.C.Cofradía de Santa Ana de Mera	767,31
■ Comisión de Festas Miraflores de Oleiros	662,35

Todo este esforzo ten como finalidade o fomento dun uso activo e creativo do ocio, contribuíndo a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura, así

como apoiar as entidades deportivas, con atención especial ás que desenvolven e potencian as categorías de base.

ANPA e centros de ensino	Euros	ANPA e centros de ensino	Euros
■ ANPA Bidueiro do CEIP Parga Pondal	1.711,82	■ IES María Casares	11.500,00
■ CEIP Isidro Parga Pondal*	7.562,00 + 34.448	■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores	1.600,00
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luis Seoane)	18.609,81	■ IES Miraflores	10.794,00
■ CEIP Luís Seoane	6.988,00	■ ANPA do IES Xosé Neira Vilas	3.010,18
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán	31.945,03	■ IES Xosé Neira Vilas	5.250,00
■ CEIP Valle Inclán	10.510,00	■ CEIP Rabadeira	10.776,00
■ ANPA Os Pazos do IES María Casares	2.688,00	■ Escola de Educación Infantil de Vilar	516,00

* Hai que sinalar que neste centro os servizos municipais de Educación e Deportes, desenvolven ao longo do curso escolar, as actividades extraescolares de xeito directo, todas as tardes de luns a venres, cun custo estimado anual de 34.448 euros.

Neste ano 2014, tamén á ANPA Bolboreta da Escola Municipal de Danza, concedéuselle unha subvención nominativa, mediante un acordo plenario do 25 de setembro, por importe de 6.670,13 euros, como colaboración na adquisición do vestiario para o alumnado participante na festa de fin de curso 13/14 da antedita escola, achega que repercutirá nas familias de 227 nenas e nenos.

Oleiros *na* Memoria

■ *Traballo realizado polas persoas participantes nos obradoiros de memoria organizados polo Concello de Oleiros*



As escolas da guerra e a posguerra en Oleiros

■ *Comezamos un repaso pola vida nas escolas de Oleiros ao longo dos anos 30 e 40 a través de varias entregas. Nesta primeira afondarase nunha visión xeral de como eran os edificios e a dura vida dos mestres e mestras destas escolas.*

As escolas e os mestres

◆ As escolas de Oleiros entre os anos 30 e 40 espallábanse por todas as localidades. Existían escolas nacionais, mestres particulares, escolas alugadas en casas particulares ou edificios oficiais que foron cambiando ao longo dos anos.

Na escola convivían nenos e nenas de diferente idades, de 6 a 14 anos, e podían chegar a ser 50 ou 60 nunha mesma clase. Para facilitar o traballo dos mestres, poñían os máis maiores a tomar a lección dos pequechos e apoiar os que tiñan máis dificultades. Ás veces non tiñan bancos para todos os nenos e nenas e os tiñan que levar da casa. Para trasladarse á escola ían andando por camiños cheos de lama e auga, coas zocas, e como non tiñan paraugas, cubertos cunhas chaquetas.

Nesta época era impresionante o esforzo que tiñan que facer as familias para que os seus fillos e fillas puidesen recibir unha educación. Moitos rapaces e rapazas tiñan que combinar desde moi pequenos as clases co traballo na casa, o coidado dos irmáns máis pequenos e traballos fóra que achegasen diñeiro á familia. Foron épocas moi difíciles de moita miseria e loita pola supervivencia.

Tamén foi difícil o exercicio da profesión de mestre, a partir do golpe de estado do ano 1936 todos os mestres tiveron que pasar un “expediente de depuración”, a totalidade da vida dos docentes era sometida a intensos informes onde se investigaban as súas actuacións públicas, profesionais e privadas.

As sancións ían desde a execución, traslado forzoso, xubilación forzosa ou inhabilitación. O maxisterio quedou moi minguido despois da depuración, pois moitos mestres foron substituídos por militares ou familiares que non tiñan a capacitación e coñecementos adecuados.

As acusacións eran variadas, en Oleiros coñecemos situacións de mestres acusados de anarquistas, de publicar unha novela, constituír unha entidade “baixo pretexto de agrarismo” ou cesados polo uso de métodos pedagóxicos considerados “moi avanzados”.

Algúns destes mestres que foran represaliados, ao quedar sen escola, daban clases de forma particular, como o mestre dun dos alumnos do taller de memoria, que nos conta que sempre utilizaba o *Quijote* para facer os ditados, e que lles falaba de autores como Kipling, Verne, Salgari e detrás da súa mesa contaba cunha biblioteca con autores como Shiller, Rilke, Hesse, Mann o Balzac.

Cada ano as escolas recibían a visita da inspección; os días antes os mestres preparaban os alumnos para que soubesen como tiñan que comportarse, ese día tiñan que ir aseados e cos seus mellores traxes.

No próximo número esta interesante retrospectiva continuará coas lembranzas dos nosos maiores sobre como era o día a día nesas escolas.



Unha aposta polo benestar ▼

■ O Goberno local incrementa notablemente a partida de Servizos Sociais no orzamento para este ano



◆ O Concello de Oleiros sempre defendeu no ámbito dos Servizos Sociais unha actuación desde o local, especialmente naquelas cuestións nas que os veciños e veciñas precisan dunha resposta máis áxil, inmediata e flexible. A realidade socioeconómica do país e as profundas transformacións que sufriu como consecuencia da crise económica están a poñer en perigo a cohesión social pola que tanto se loitou durante moitos anos.

Con esta situación de partida, o Goberno local, sempre atento ás necesidades da súa poboación no ámbito dos Servizos Sociais, aumentou ao longo destes anos o seu orzamento nesta concellería. Na actualidade, ante os graves recortes noutras administracións no social, con retrasos e recortes nas prestacións e axudas, faise inevitable unha forte aposta municipal neste ámbito. Por iso para este ano que comeza o orzamento da Concellería de Servizos Sociais vaise incrementar notablemente coa ampliación nos recursos económicos para os programas e proxectos que son competencia municipal.

O Goberno local incrementa as horas de prestación do servizo de axuda no fogar, cun novo contrato que poida dar resposta ás necesidades para os próximos anos, tanto a través do sistema de atención á dependencia



como de libre concorrência. Ademais, un novo regulamento de medidas pola inclusión social que incrementa as contías e o alcance e a cobertura das necesidades, así como unha perspectiva integradora e normalizadora no acceso a estes recursos, cunha vocación de ampliar as actuacións que se poidan facer desde todas as áreas municipais e non só desde Servizos Sociais.

En definitiva, o Concello de Oleiros segue a apostar polo benestar e reforza, para este próximo ano, todas as actuacións que levaba a cabo desde a Concellería de Servizos Sociais, unha aposta sempre necesaria pero que na actualidade é imprescindible.

Importancia do voluntariado

De forma paralela a este traballo, será fundamental o asentamento e crecemento da actividade do Voluntariado de Oleiros, un grupo de mulleres e homes do noso concello, xenerosos no seu esforzo e entrega aos demais, que levan a cabo numerosas iniciativas a través de distintos proxectos como o banco solidario, o traballo coas persoas con discapacidade, coas persoas maiores ou nas bibliotecas municipais achegando os seus servizos a aqueles que non poden saír da súa casa.

Servizos Sociais pon en marcha a actividade ▼ «Camiños de Oleiros»

◆ Camiños de Oleiros. Este é o nome da nova iniciativa que ao longo de 2015 porá en marcha o Concello de Oleiros a través da Concellería de Servizos Sociais. O obxectivo desta actividade, enfocada ás persoas maiores, é dar a coñecer un conxunto de interesantes rutas espalladas por todas as parroquias do municipio.

Cada un destes camiños interpretativos contará cunha ficha na que se detallarán as súas características. Aspectos como a distancia, o grao de dificultade, os lugares de interese polos que pasa, as historias singulares, ou as particularidades dos topónimos serán recollidos nun catálogo elaborado polos nosos maiores, pero de interese para toda a comunidade.

Estas rutas elaboraranse partindo do coñecemento que teñen as persoas maiores que participan nas rutas de sendeirismo do Programa Ven e Descubre, quen coa colaboración do Voluntariado de Oleiros, percorreren esas rutas, recollerán os puntos de maior interese ou dificultade, os nomes e historias que se atopan no camiño.



Finalmente, esta selección colgarase na web municipal e nunha pequena publicación co fin de que toda a poboación poida acceder á información. Neste proxecto o Concello de Oleiros une os esforzos dos maiores e do voluntariado para ofrecer un agasallo a todos os veciños e veciñas. O seu coñecemento dos camiños e as súas historias contribuirán a enriquecer o percorrido. Ademais proporcionarán ideas e alternativas para que a xente poida desenvolver unha actividade física saudable por contornos naturais. Todas as persoas interesadas en participar neste proxecto poden facelo contactando co Departamento de Servizos Sociais a través do teléfono 981 610 000 ou do enderezo electrónico voluntariado@oleiros.org.

O Concello inviste máis de 300.000 euros no Programa de actividades complementarias para os centros de ensino ▼



◆ O Concello de Oleiros a través das súas concellerías de Ensino e Xuventude, Deportes, e Cultura e Normalización Lingüística, deseñaron e programaron un amplo abano de actividades complementarias que se desenvolven nos centros de ensino público oleirenses durante o actual curso escolar. Ese conxunto de actividades están deseñadas sobre temas transversais que reforzan unha serie de valores fundamentais na formación e educación dos nosos nenos e nenas.

Este amplo programa, que supón un investimento municipal de 308.778 euros reflexa a importancia que para o Goberno Municipal ten a colaboración activa coa comunidade educativa na educación da infancia e da mocidade, traballando arreo para mellorar o presente e seguir afianzando o camiño dun Oleiros educador.

A Escola para pais e nais de Oleiros orienta en temas complexos da educación ▼

◆ Dentro do programa de educación para a saúde e prevención de adicións do Concello de Oleiros, a Concellería de Ensino e Xuventude organiza unha nova edición de Escolas de Pais e Nais co obxectivo fundamental de orientar as familias na educación dos seus fillos e fillas. Este servizo de asesoramento orienta en temas tan complexos como son as distintas etapas dos rapaces e rapazas, a transmisión de valores ou as normas e límites. As dúas escolas terán lugar no Centro Municipal de Formación en horario de 19.00 a 21.00 horas desde mediados do mes de xaneiro ata finais do próximo maio. Todas as persoas interesadas terían que inscribirse no Centro de Información Xuvenil, A Fábrica, chamando ao 981 636 598, ou ben escribindo a c.xuventude@oleiros.org.



Un concello vivo

Programa para facilitar aos escolares os itinerarios de acceso aos centros educativos ▼

■ Nunha primeira fase implantaranse rutas seguras que faciliten o acceso a pé ou en bici do alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal de Santa Cruz



◆ O Concello de Oleiros traballa na elaboración dun programa educativo novo que pretende incidir na mellora da calidade de vida da veciñanza. Este proceso, chamado camiño escolar, é unha experiencia que precisa da implicación da comunidade educativa inicialmente do CEIP Isidro Parga Pondal, e que está formulado na liña dun modelo de vila máis amable para a cidadanía.

Integrado dentro dunha serie de medidas que afectan a un amplo abano de departamentos municipais como Urbanismo, Obras Públicas, Ensino ou Orde Pública preténdese garantir que os nenos e as nenas maiores do colexio poidan acceder á escola andando ou en bicicleta, gañando dese modo espazos ao tráfico rodado e aumentando considerablemente os beneficios evidentes que esta acción comporta para estes escolares de Santa Cruz.

Nunha primeira fase tratarase de implantar unha serie de itinerarios seguros que faciliten o acceso a pé ou en bici do alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria axudados por persoal municipal, limitando o acceso ao tráfico a motor a determinadas zonas da contorna do colexio.

Trátase dun proxecto modesto nos seus primeiros pasos, pero que formará parte dun modelo moi ambicioso de vertebración municipal. Pedagogos de prestixio internacional, como o italiano Francesco Tonucci, defenden abertamente estas medidas para que os nenos de certa idade poidan gozar de forma segura da súa autonomía, mellorando a súa educación viaria e potenciando tanto as relacións persoais como coa súa contorna.

Outorgada unha axuda económica para paliar posibles urxencias nos comedores escolares ▼

◆ O Concello de Oleiros, como leva facendo desde hai anos, contribuíu coa achega económica de 20.221,40 euros en axudas á asistencia a comedores escolares. Esta axuda será para os comedores xestionados polas ANPA en 4 centros de ensino público oleirenses. Deste xeito, o Goberno local continúa coa liña de apoio ao ensino público e a facilitar a conciliación laboral e familiar das familias máis desfavorecidas do noso concello.

Arranca a Liga Escolar de Judo ▼

◆ Nos próximos días comezará a Liga Escolar de Judo que todos os anos organiza o Concello de Oleiros coa colaboración do Judo Club Oleiros. O Goberno local inviste máis de 7.500 euros nesta competición que ao longo da última década axudou a consagrar a práctica desta disciplina deportiva no noso concello. Esta liga permite aos nenos e nenas que practican judo nas casas do pobo ou nos colexios oleirenses competir con outros judokas da comarca. En total está previsto que participen máis de 400 escolares de categorías sub 11, sub 13, sub 15 e sub 17.



Comeza un novo curso da Escola Municipal de Surf



◆ Dentro da habitual preferencia do Concello de Oleiros polos deportes náuticos, desde o mes de decembro está a funcionar un novo curso da Escola Municipal de Surf, dirixida á nosa mocidade desde os 12 aos 21 anos. A actividade ten lugar no náutico da praia de Bastiagueiro todos os martes, mércores, xoves e venres de 16.00 a 18.00 horas, coincidindo sempre co mesmo calendario escolar que os centros educativos. O número de prazas ofertadas é de 40.

José Manuel Sánchez proclámase subcampión do mundo de piragüismo en Oklahoma ▶



◆ O oleirense José Manuel Sánchez continúa na elite planetaria do piragüismo. O remeiro acadou un novo logro deportivo ao proclamarse subcampión do mundo en C2 na modalidade de maratón nos mundiais celebrados o pasado mes de setembro en Estados Unidos. Sánchez confirma deste xeito que será de novo candidato ao título mundial ao longo das próximas tempadas.

Anxo Blanco, campión ▶ galego júnior de triplo salto



◆ O atleta Anxo Blanco proclamouse campión galego en triplo salto. Blanco é un prometedo rapaz de Breixo que compete no Coruña Comarca de Atletismo e participa tamén en competicións a nivel nacional. Ademais de proclamarse campión autonómico na súa categoría foi medallista en categoría absoluta, o que o confirma como un atleta a ter moi en conta nos vindeiros anos.

O Club de Regatas Perillo acada o ascenso á Liga galega A de traíneiras



◆ O Club de Regatas Perillo logrou o pasado mes de setembro un meritorio ascenso á Liga Galega A de Traíneiras, o que lle dará a oportunidade de loitar esta tempada coa elite galega. Tras unha emocionante competición con Bueu e tras perder o play off contra a embarcación pontevedresa, os de Perillo lograron o ansiado ascenso polo posto libre que o ascenso de Meira deixou na máxima competición de traíneiras a nivel galego.

A júnior Silvia Lage acada o bronce no Campionato de España de Judo



◆ A judoka Silvia Lage acadou un meritorio terceiro posto no Campionato de España na categoría júnior. Esta oleirense continúa na súa liña ascendente e consolídase como unha habitual da selección galega nas competicións de índole estatal.

As rapazas do Club Ximnasia Acordes gañan o prestixioso campionato nacional Euskalgym



◆ As rapazas do Club Ximnasia Acordes proclamáronse campioas en categoría benxamín no prestixioso certame Euskalgym que este ano se celebrou na localidade de Vitoria. Ademais, na mesma competición as ximnastas alevíns do club oleirense conseguiron un noveno posto, lastradas por varios erros coas cordas.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

■ HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h • Sábados: de 09:00 h a 14:00 h • Telf.: 981 795 524

Comeza unha nova edición da actividade municipal Ocioleiros

■ O obxectivo deste conxunto de actividades de ocio é fomentar a convivencia entre os veciños e veciñas do municipio

◆ O próximo 26 de xaneiro arranca unha nova edición de Ocioleiros, o popular programa de actividades de lecer e tempo libre do Concello de Oleiros e que se prolongará ata o próximo mes de maio. O variado conxunto de obradoiros programados nesta edición persegue, ademais de entreter con esta oferta de ocio formativo, fomentar a convivencia entre os veciños e veciñas de distintos lugares do municipio. Para isto, e como vén sendo habitual organizáronse tres grupos de idade: para os máis novos de 14 a 17 anos, para a mocidade de 18 a 35 anos e o grupo de Xoveoleiros, para os veciños de máis de 36 anos.

Nesta nova edición de Ocioleiros consérvanse algunhas das actividades con mellor acollida nas pasadas edicións, e introdúcense novas clases, como ioga, obradoiro de costura e iniciación ao hóckey a patíns, que intentarán acadar o mesmo éxito das xa consagradas neste programa no que participa máis dun millar de veciños e veciñas do municipio. Como gran novidade este ano, créase un novo grupo de actividades. Ademais dos tradicionais conxuntos de actividades para os grupos de idades, xurde unha cuarta listaxe de obradoiros comúns. Nel, inclúense un amplo abano de divertidas opcións como xardinería repostería ou bailes de salón, onde os participantes compartirán experiencias con xente de todas as idades.



A festa do Entroido, unha cita ineludible para os carnavales de toda a comarca

■ O concurso de disfraces manterá a liña ascendente na concesión de premios económicos dotados con máis de 3.000 euros en galardóns

◆ A festa do Entroido que organiza cada ano o Concello de Oleiros non só é un referente destas festas no noso municipio, senón en toda a comarca da Coruña. Ata o pavillón de Santa Cruz achégase xente de diversos lugares para participar nesta divertida xornada e competir no concurso de disfraces.

Edición tras edición, o Concello reparte unha importante cantidade de diñeiro en premios neste concurso, o que serve como reclamo para as persoas e comparsas participantes. Este ano o concurso conserva a liña ascendente no que á concesión de premios se refire. Esta festa, que se celebrará o segundo venres de Entroido, está aberta a todo o mundo, pero

garda unha especial atención cos nosos maiores, posto que na súa orixe ideouse con esta finalidade. Ademais, como xa é tradición, haberá chocolatada e celebrarase unha actuación sorpresa.

De forma paralela a este evento, o Concello axudará a dinamizar os festexos do Entroido que se levarán a cabo nas distintas casas do pobo e centros cívicos e que organizan as entidades socioculturais de cada parroquia. Diferentes grupos de animación encargaranse de amenizar as festas realizando xogos, desfiles, bailes e karaokes, tanto para os máis pequenos como para os maiores.



As ilustracións vectoriais de Luís Galán estarán na Fábrica ao longo do mes de febreiro



■ A exposición «As mariñas de nunca xamais» recolle a obra deste deseñador

◆ A sala de exposicións do centro cultural A Fábrica acollerá desde o próximo xoves 12 de febreiro a exposición itinerante de ilustracións vectoriais do deseñador gráfico e cartelista Luís Galán titulada «As mariñas de nunca xamais». A mostra, que permanecerá exposta ata o 21 dese mes, inaugurarase coa presenza do autor.

A iniciativa busca a promoción e difusión de manifestacións artísticas e culturais do noso territorio. Neste caso, o autor amósanos as paisaxes e os recunchos dos nove concellos a través dunha nova técnica de ilustración denominada Giclee, unha ferramenta de traballo que utiliza un software especializado.

Paralelamente á exposición, organízase un obradoiro didáctico aberto ao público en xeral para dar a coñecer esta particular técnica de ilustración vectorial entre aquelas persoas afeccionadas ao debuxo, á pintura, ao deseño gráfico, á fotografía ou á creación audiovisual.

Continúan as tertulias literarias

◆ Co novo ano continúan as tertulias literarias. Nestas actividades do Concello de Oleiros realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén poesía, teatro ou ensaio. A actividade lévase a cabo nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura. O principal obxectivo é animar a ler a través da propia lectura. Esta actividade, orientada tanto para mozos e mozas como para adultos, lévase a cabo na Biblioteca Central Rialda, en Perillo, e na biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz. A través dela preténdese descubrir a maneira de escribir de cada autor ou autora, os distintos estilos e o tipo de linguaxe que utiliza. Sen dúbida, unha oferta interesante para os amantes da literatura. As persoas interesadas en participar nesta iniciativa poden inscribirse contactando coa Rede Municipal de Bibliotecas.

O actor Xaime Faraldo, un froito do talento e o traballo



◆ O oleirense Xaime Faraldo conta cun dilatado currículo no mundo da representación escénica a pesar de ser tan só un rapaz. A arte que ten para esta disciplina levouno a intervir en series como Padre Casares, onde interpretou o alcalde cando era neno, participou nunha longametraxe de Juan del Río, que se estreou no Festival de Canes en Porriño cuxo título é “A historia dun satélite, Rafael e a nai que o pariu”. Actualmente está gravando a serie “Pazo de Familia” que se emitirá proximamente na galega. Xaime é un exemplo de que en Oleiros, a través dos obradoiros municipais de teatro e os grupos dos centros escolares, estanse a formar moitos e moitas artistas que tamén farán futuro, igual que no mundo do deporte.

Xaime é estudante de 1º de ESO no IES María Casares, ao que chegou tras facer a ensinanza primaria no CEIP Parga Pondal. Desde moi cativo amosou o gusto polas artes escénicas e musicais participando nos obradoiros teatrais municipais que se desenvolven no teatro As Torres de Santa Cruz. Actualmente está no grupo de teatro do María Casares, igual que participaba no colexio Parga Pondal. Sempre aparece nas obras de fin de curso xunto con outros compañeiros e compañeiras, que fan que todos os demais alumnos e alumnas do centro pasen unha festa divertida. E non só destaca no mundo teatral pois é alumno da Escola Municipal de Música desde os catro anos. Toca o saxo e recentemente atrevévese tamén co baixo.

O Concello prepara a segunda edición do ciclo musical «Voces cálidas para noites de inverno»



◆ O Concello de Oleiros organiza a segunda edición deste ciclo de música para as noites dos sábados do mes de febreiro que estará integrado por tres concertos que abranguen estilos musicais diferentes como o jazz, a canción de autor ou o pop. O obxectivo principal é a difusión da música como disciplina artística e a promoción de novos artistas pero que xa contan cunha traxectoria recoñecida. Todos os concertos programados terán lugar no auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo. As entradas poñeranse á venda unha hora antes do inicio dos espectáculos a un prezo de 2,5 euros.

Oleiros conmemora o Día de Rosalía e o Día da Lingua Materna con actividades nos centros de ensino ▼

◆ O Concello de Oleiros, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística, programa para os primeiros meses do ano nos centros de ensino unha serie de actividades que conectarán a lingua coa nosa mocidade, nesta ocasión centrándose en dúas datas claves, o Día da Lingua Materna, o 21 de febreiro e o Día de Rosalía, o 24 de febreiro.



Para o alumnado dos colexios elaborouse unha actividade que mestura a lingua e o deporte, Lingua

Forza 3. Un proxecto de dinamización lingüística con formato de xincana e posta en escena dramatizada, no que os rapaces e rapazas de 3º e 4º de primaria terán que superar probas dando conta das súas destrezas físicas, lingüísticas e de traballo en equipo. Un formato similar ten O tesouro da bruxa Maruxa, orientado para educación infantil, no que a través da bruxa e o lobo que van narrando unha historia, os nenos e nenas van participando e aprendendo xogos tradicionais e lingüísticos, unha forma divertida de aprender a lingua.

Os institutos recibirán tamén actividades orientadas a estudar a lingua a través de Historia máxica de Galicia, onde a través dun narrador o alumnado vai descubrindo a historia, a cultura e a literatura de Galicia cun enfoque diferente.

Ademais, o estudantado de 3º de ESO terá acceso a *Rosalías, unha vida de luces e sombras*, onde a través da técnica teatro documento e sen renunciar á forma visual propia de todo espectáculo escénico, percórrese a vida e a obra de Rosalía a través dos seus momentos máis significativos, nunha narración escenificada por Roi Vidal e Laura Ponte chea de poesía, pensamento, música, símbolos, humor e aire fresco.



Rialeda e a biblioteca de Santa Cruz acollen a presentación de dous interesantes libros ▼

◆ O próximo 28 de xaneiro, ás 18.30 horas, na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo, realizarase a presentación de *Contos do mar de Irlanda* de Xurxo Souto. O autor agasalláranos con cancións, contos, historias e anécdotas do mundo do mar e dos mariñeiros. Ademais, o 9 de febreiro, ás 18.30 horas, na Biblioteca Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz, realizarase a presentación do libro titulado *Bibliotecarias e bibliotecarios «infames»* de F. X. Redondo. Esta obra fala de bibliotecarias e bibliotecarios depurados por defender a cultura, o libre pensamento, e por espallar o saber entre toda a poboación.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Os parques infantís e o mal tempo

Como veciña de Oleiros gústame ver como todas as parroquias contan con espazos para os nenos e as nenas, pero me atopo cun problema cando chega o inverno; a choiva.

Vivindo como vivimos nun país cunha climatoloxía tan marcada, gustaríame que se estudase a posibilidade de cubrir os parques dos cativos. Descoñezo se existe algún tipo de cuberta “boa, bonita e barata”, pero o que si sei é que se non se atopa solución só me vén á mente parafrasear o título daquela película “Os parques só son para o verán”.

D.T.C.

Nós, a parroquia máis fermosa de Oleiros

Déixenme que sexa algo chovinista e presuma de parroquia: Nós é a localidade máis bonita de Oleiros! Encravada entre doces vales e frescos regatos, o andante que se aventure polos seus camiños poderá ir descubrindo antigas casas, como Vila Isabel, na Plazoleta; fermosos pazos, como o do Vilar, moi preto da anterior, e A Carballeira, que nos seus terreos alberga o viveiro municipal; ou imponentes edificacións como As Cadeas, a carón da N-VI.

... E que dicir dos parques e xardíns. A praza da Liberdade, en pleno centro da parroquia, xunto a esa casa do pobo construída co esforzo e a unión de todas as xentes de Nós, é un pequeno pulmón verde. É agora contamos coa Finca Tenreiro, centro de lendas e misterios, de covas e acubillos, á que se lle suma a Finca de Alsina, que conta cun muíño e con medio século de frondosidade nos carballos que a habitan. E quizais non sexa tan poético, mais non só de fermosura vive o ser humano, hai que falar tamén

do novo colexio, a proximidade do centro de saúde da Covada ou de Parque Oleiros, onde achegarse a mercar unha bicicleta, unhas gafas, un cortacésped ou medio quilo de xoubas.

Quizais non o sexa, pero, para min... Nós, a máis fermosa e encantadora de todas!

M.V.S.

A Banda da Escola de Música

Na pasada edición da feira do mel tiveren a oportunidade de ver a actuación da Banda da Escola Municipal de Música. A verdade é que imaxinaba que se trataría dunha banda sen conxuntar por tratarse de alumnos en período de formación e algún deles moi novo, pero sorprendeume moito a calidade que atesouran. Por sorprender, sorprendeume ata o repertorio. Completamente diferente ás pezas que acostuman ser interpretadas polas típicas bandas. Pareceume moderno, ambicioso e increíblemente innovador. Soan realmente ben e nótase que é froito dun gran traballo de moitos formadores de distintas disciplinas. A miña máis sincera en hora boa.

Ramón

Exemplo de participación

Como veciño que acaba de chegar a Oleiros chamoume profundamente a atención o proceso de primarias de Alternativa dos Veciños. Cando oín falar del, de que cada parroquia podía escoller os seus candidatos, que calquera veciño ou veciña podía presentarse para ser elixido, dubidei. “Iso das listas abertas é moi bonito pero levalo á práctica... dáme que non será verdade”.

Por iso fun á asemblea de Santa Cruz e alí vin o que cría imposible, que alguén entre o público puidese ser elixido, un mozo do pobo, vinculado ao equipo de fútbol. Logo

votación e, aínda que non saíu elixido, si puido optar. O número de votos estaba aí, sen manipulación e a realidade que eu vin foi esa. Vin democracia e asombreime. Supoño que por iso din que Oleiros é singular e distinto.

Anónimo

Carta de UNRWA

Estimado alcalde:

En nome de UNRWA quería agradecer o inestimable apoio do Fondo Galego de Cooperación á chamada de urxencias de UNRWA na franxa de Gaza. O Proxecto Apoio psicosocial para vítimas da operación «Marxe Portector» na franxa de Gaza favorecerá a protección dos dereitos da poboación civil a través da contratación de terapias psicosociais para aquelas persoas máis vulnerables.

As consecuencias sobre a vida e o desenvolvemento da poboación refuxiada que o bloque socioeconómico provoca desde a súa imposición hai máis de 5 anos, víronse profundamente agravadas pola última operación militar israelí sobre a franxa o pasado 8 de xullo. Tras 50 días de ofensiva por mar, terra e aire provocou 2.116 falecidos palestinos, de cales 1.484 son civís, incluíndo 495 nenos e nenas e 255 mulleres. Así mesmo, máis de 10.200 persoas resultaron feridas e aproximadamente 18.000 vivendas foron destruídas ou severamente danadas.

O impacto do Fondo será moi positivo, xa que se puideron contratar seis terapeutas durante dous meses para atender a 1.500 persoas. Deste xeito, contribuírase ao benestar da poboación refuxiada de Palestina máis vulnerable nun momento crucial. O apoio específico prestado desde a institución que vostede representa é fundamental e moi benvido.

Raquel Martí Lezana
Directora Executiva de UNRWA
España

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.986 habitantes empadroados/as!

Ata o 10 de decembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.387
DORNEDA (San Martiño)	3.411
IÑÁS (San Xurxo)	1.217
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.144
MAIANCA (San Cosme)	1.350
NÓS (San Pedro)	4.736
OLEIROS (Santa María)	2.923
PERILLO (Santa Leocadia)	8.237
SERANTES (San Xulián)	1.581
TOTAL	34.986

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Balliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	<p>Do 19 ao 25 de decembro Do 6 ao 12 de marzo</p> <p>Do 26 de decembro ao 1 de xaneiro Do 13 ao 19 de marzo</p> <p>Do 2 ao 8 de xaneiro Do 20 ao 26 de marzo</p> <p>Do 9 ao 15 de xaneiro Do 27 de marzo ao 2 de abril</p> <p>Do 16 ao 22 de xaneiro Do 3 ao 9 de abril</p> <p>Do 23 ao 29 de xaneiro Do 10 ao 16 de abril</p> <p>Do 30 de xaneiro ao 5 de febreiro Do 17 ao 23 de abril</p> <p>Do 6 ao 12 de febreiro Do 24 ao 30 de abril</p> <p>Do 13 ao 19 de febreiro</p> <p>Do 20 ao 26 de febreiro</p> <p>Do 27 de febreiro ao 5 de marzo</p>
--	---

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	5 xaneiro / 4 febreiro / 5 marzo
Mingua	13 xaneiro / 12 febreiro / 13 marzo
Nova	22 decembro / 20 xaneiro / 19 febreiro
Medra	28 decembro / 27 xaneiro / 25 febreiro

Acordo entre os propietarios para ordenar o contorno do Hábitat en Perillo

• *O novo ámbito conta cun solo edificable que dotará de novos espazos verdes que conectarán coa ribeira da ría do Burgo e dará continuidade á rúa Hábitat conectándoa co nó de comunicacións da Pasaxe*



 Zonas verdes públicas

 Vías públicas

 Espazo edificable

◆ Tras diversos trámites e reunións o Goberno municipal logrou un acordo cos distintos propietarios e propietarias do solo que afecta á pequena urbanización no contorno do Hábitat en Perillo. O novo ámbito conta cun solo edificable que dotará de novos espazos verdes que conectarán coa ribeira da ría do Burgo e dará continuidade á rúa Hábitat conectándoa co nó de comunicacións da Pasaxe.

Ademais, buscarase unha solución definitiva á rede de abastecemento que utiliza o complexo do Hábitat eliminando os actuais bombeos existentes. Así mesmo, preservarase a edificación singular recentemente restaurada e que forma parte desta zona. O Concello percibirá 72.437 euros en concepto do 10% de

aproveitamento urbanístico que lle corresponde. Deste xeito, culminarase un proceso que se vén arrastrando desde hai máis de 20 anos.

Esta nova actuación prevé a construción dun edificio de baixo e dúas plantas e dotará esta área de vías e espazos públicos para a zona. Ademais a posta en marcha desta pequena urbanización mellorará o contorno do paseo da ría, xa que as zonas verdes incluídas no proxecto estarán conectadas directamente coa beira da ría mellorando considerablemente este contorno. Deste modo, coa inminente posta en marcha desta obra soluciónase un tapón que afecta a máis de 200 familias residentes no Hábitat desde hai dúas décadas.